

## CONVOCATORIA CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2018

1. O concurso terá lugar na carpa situada nas pistas de Rabazal de Miño o día 10 de febreiro de 2018.
  1. Para poder participar e optar aos premios en vales de compra, que poderán trocarse en calquera establecemento do Concello de Miño, é imprescindible inscribirse previamente e participar no pasarrúas que comezará ás 20.30 h na praza do Parchís de Miño.
  2. As inscricións deberán facerse previamente, podendo facelo:
    - a. Ata o día 09 de febreiro de 2018 no Departamento de Cultura do Concello de Miño, nos teléfonos 981 784 405 e 981 782 659, en horario de 8.30 a 15.00 h ou no enderezo electrónico [cultura.deportes@concellodemino.gal](mailto:cultura.deportes@concellodemino.gal)
    - b. O mesmo día 10 de febreiro ás 19.30 h na praza do Parchís antes do desfile.
  3. Poderán participar no concurso todas as persoas maiores de 14 anos, e persoas menores acompañadas dun adulto (pai, nai ou titor legal).
  4. As persoas participantes terán que facer no descanso da orquestra un pase de disfraces para a súa valoración polo xurado.
  5. Os disfraces puntuaranse por: beleza, orixinalidade, traballo, creatividade, etc. A puntuación a otorgar será de 1 a 10 puntos. En caso de empate, este resolverase por sorteo.
  6. Os premios serán de dúas categorías: individual e grupo (máis de 1 persoa).
    - 1º premio individual 100 €
    - 2º premio individual 75 €
    - 3º premio individual 50 €
  
    - 1º premio grupo 300 €
    - 2º premio grupo 250 €
    - 3º premio grupo 200 €
    - 4º premio grupo 150 €
    - 5º premio grupo 100 €
- O número total de premios é de 8. O importe en vales de compra ascende a 1.225 € e será a cargo do Concello de Miño.
7. O feito de inscribirse implica coñecer e aceptar as bases do concurso.



## CONCELLO DE MIÑO

Rúa da Carreira, 38  
15630 Miño (A Coruña)  
Tfnos.: 981 784 405 / 981 782 659  
[www.concellodemino.com](http://www.concellodemino.com)  
[cultura.deportes@concellodemino.es](mailto:cultura.deportes@concellodemino.es)

8. O xurado estará composto polos membros da orquestra.
9. Calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso, o xurado terá potestade para resolvela. O fallo do xurado será inapelable.
10. O Concello de Miño, mediante resolución da alcaldía, procederá a ratificar o fallo do xurado.
11. As persoas premiadas ceden os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo (prensa escrita, web, Facebook, etc.)
12. Fiscalidade dos premios. O Concello de Miño cumprirá a normativa fiscal vixente que resulte de aplicación sobre o I.R.P.F. e practicará a retención correspondente.
13. Os premios só poderán ser entregados a persoas maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos, a entrega realizarase aos seus país e/ou titores legais, que deberán acreditar a súa condición.
14. Os datos recollidos serán utilizados exclusivamente polo Concello de Miño e en ningún caso serán cedidos a terceiros nin pasarán a formar parte de ningunha base de datos de uso comercial.
15. O Entroido 2018 está organizado polo Concello de Miño. Para calquera consulta poderán dirixirse á técnica sociocultural do Concello. Estas bases están publicadas na web do Concello de Miño.

Miño, 17 de xaneiro de 2018